

## ACTA DA XUNTA DE CENTRO ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 22 XULLO DE 2014

Na sala de profesores do edificio Facultades reúnense os membros da Xunta de Centro citados ao final da acta, o martes, día 22 de xullo de 2014, ás 11.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte orde do día:

1. **Aprobación da acta da sesión anterior.**
2. **Informe da Presidenta.**
3. **Aprobación dos tribunais 5<sup>a</sup>,6<sup>a</sup>,7<sup>a</sup> convocatoria e fin de carreira**
4. **Aprobación de consideración de interese en relación coa utilización das instalacións do Parque Montealegre do Concello de Ourense.**
5. **Aprobación, das alegacións ao informe de seguimento do grao en Xeografía e Historia.**
6. **Acordo relativo a solicitude da Facultade de Ciencias da Educación sobre a permuta dun local para o seu emprego polos profesores xubilados dese centro.**
7. **Rogos e preguntas.**

1. **Aprobación, da acta da sesión anterior.**

Apróbase a acta da sesión anterior, sen ningún voto en contra.

2. **Informe da Presidenta.**

A decana comenta as seguintes cuestións:

■ **Titulacións pendentes de acreditacións:**

. Na proposta de *Modificación do Grao* o informe foi favorable, no curso 2014/2015 implantarase a edición remodelada do Grao novo.

. Na proposta do *Máster interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade*, o informe foi favorable.

. Na proposta do *Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural*, todos os aspectos foron informados favorablemente, pero ata que este resolto o trámite do convenio entre a Consellería de Educación e a Universidade de Vigo para a participación da Escola de Conservación-Restauración de Bens

Culturais, a ACSUG non informará. A Decana comenta que a Consellería vai remitir á ACSUG un documento que suple ao convenio. A reunión será o vindeiro 29 de xullo e espérase que este trámite no sexa obstáculo para que o máster sexa informado favorablemente.

Proposta do programa de *Doutoramento*: o informe veu desfavorable. A Decana comenta tras recibir o informe das alegacións, enviouse unha nova proposta atendendo as suxerencias. Pero estas segundas alegacións non parece que se tiveran en conta no informe definitivo, xa que aléganse as mesmas causas que no informe previo. Este informe é vinculante e será remitido ao Ministerio a principios de setembro. A Decana comenta, que vaise presentar un recurso ao Ministerio; existe a posibilidade que o Ministerio remita as nosas alegacións a ACSUG, neste caso a Axencia tería que explicar o motivo de non ter tido en conta as alegacións presentadas.

Despois de un breve debate, Mercedes Durany comenta, que hai que estar seguros de que unha vez aclarado o tema das alegacións, vaise a reformular outras modificacións o si vai saír adiante. María López sinala que haberá que argumentar moi ben o recurso, e a Decana contéstalle que estamos sendo asesoradas persoas vinculadas á Vicerreitoría.

- Informa tamén da proposta por parte da Delegación do Alumnado da figura do alumno-titor; trátase dun programa específico, xestionado por eles, dun titor de alumnos para alumnos. A Decana comenta que lle parece unha proposta moi interesante, e que dado que o día 1 de setembro esta prevista a xornada de benvida ao alumnado novo, invita aos alumnos para que den neste acto información deste programa.

- A Decana explica certos cambios introducidos nas actas do TFG, para unha maior operatividade ao Secretario de cada tribunal correspóndelle asinar a acta e entregar a acta na secretaría.

### 3. Aprobación dos tribunais 5ª,6ª,7ª convocatoria e fin de carreira.

Apróbanse sen ningún voto en contra.

**4. Aprobación, de consideración de interese en relación coa utilización das instalacións do Parque Montealegre do Concello de Ourense.**

A Decana comenta que dende a Universidade de Vigo estase valorando a posibilidade de asinar un convenio marco de colaboración co Concello de Ourense para que grupos de investigación, profesores/as e alumnos/as da Univesidade de Vigo, poidan aproveitar os espazos e recursos que ofrece o Parque Municipal de Montealegre para desenvolver todo tipo de actividades académicas e científicas.

Por tal motivo, solicítase ao centro que manifeste se considera interesante esta proposta. Á decana parécelle ben e propón que se solicitarán opinións noutra xunta de facultade, para que unha vez que se monten as instalacións, facer as propostas oportunas.

Apróbase o interese da proposta.

**5. Aprobación das alegacións ao informe de seguimento do grao en Xeografía e Historia.**

Como xa se comentou noutra xunta de facultade o plan de seguimento do Grao de Xeografía e Historia veu informado Non Conforme; con tal motivo preséntase para a súa aprobación un documento cas alegacións consideradas oportunas.

Apróbase o documento presentado.

**6. Acordo relativo a solicitude da Facultade de Ciencias da Educación sobre a permuta dun local para o seu emprego polos profesores xubilados dese centro.**

A decana de Ciencias da Educación propón unha permuta do despacho do soto do 2º pavillón nº 2-4-6 polo despacho nº 11-13, para dotar un espazo maior aos profesores xubilados dese centro. A xunta de centro da Facultade de Historia resolveu, que **non procede realizar esta permuta**, dado que ese espazo está sendo ocupado por docentes en activo que precisan do mesmo, estimando ademais a falla de espazos da que xa adoce o centro para satisfacer outras demandas que considera prioritarias, como por exemplo, a dunha sala de investigadores da que non dispón.

**7. Rogos e preguntas.**

Non hai.

E sen máis asuntos a tratar, levántase a sesión, e de todo isto dou fe como Secretaria.

A Decana

Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Contreras

XUNTA DE CENTRO HISTORIA

ORDINARIA

22/07/2014

BARRIOCANAL LOPEZ, YOLANDA  
 CASTRO PEREZ, LADISLAO  
 CID NARVÁEZ, DANIEL  
 COELLO FERNÁNDEZ, M<sup>a</sup> DE LOS ÁNGELES  
 COMEDADOR REY, BEATRIZ  
 DOMINGUEZ PEREIRA, M<sup>a</sup> DOLORES  
 DURANY CASTRILLO, MERCEDES  
 FERNANDEZ CONTRERAS, M<sup>a</sup> DEL CARMEN  
 GÓMEZ MANSO, BELÉN  
 IGLESIAS GÓMEZ, MONTSERRAT  
 JUANA LOPEZ, JESÚS DE  
 LOPEZ DIAZ, MARÍA  
 LOPEZ LOPEZ, MARTA  
 MORODO DEL RÍO, JOSÉ  
 PEREZ LOSADA, FERMIN  
 PEREZ RODRIGUEZ, FRANCISCO JAVIER  
 PRADA RODRIGUEZ, JULIO  
 PRESEDO GARAZO, ANTONIO  
 REAL LÓPEZ, ARTURO  
 REBORDA MORILLO, SUSANA MARÍA  
 RODRÍGUEZ VELÁZQUEZ, ROBERTO  
 SÁNCHEZ DÍAZ, ROI  
 SIXIREI PAREDES, CARLOS  
 UÑA ALVAREZ, ELENA DE  
 VALIN FERÁNDEZ, ALBERTO  
 VAQUERO DIAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
SI	
	NO
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
SI	
	NO
	NO
SI	
SI	
SI	
	NO
	NO
SI	
SI	
SI	

Unha vez analizado o contido do Protocolo de Revisión Interna do Grao en Xeografía e Historia, alegamos as seguintes consideracións:

## 1. INFORMACIÓN PÚBLICA

### a. Criterio 1. Descrición do título:

Todos os elementos fundamentais que se requiren na descrición do título resultan accesibles ao estar a disposición dos usuarios en diferentes webs. Por esta razón, quizais sería máis atinado incluír a necesidade de unificar a información nunha soa web como unha recomendación, sen chegar ao “non conforme” do informe de seguimento.

### b. Criterio 2. Xustificación:

A Guía docente, no apartado de información básica, recolle dun xeito diáfano e comprensible a xustificación do título. E, se ben é certo que podería ser máis evidente se incluíramos o epígrafe tal e como aparece na memoria e que sería recomendable mellorar o acceso á información; tamén o é que esta realidade debería incluírse como unha recomendación, sen dar lugar ao “non conforme” do informe de seguimento.

### c. Criterio 3. Obxectivos e Competencias:

No apartado referido a titulacións se resumen, baixo o epígrafe de “obxectivos”, as competencias e obxectivos fundamentais. Admitimos que esta información pode ser bastante máis detallada; pero non resulta acertada a seguinte afirmación: *“Los objetivos y competencias no se pueden encontrar en la web”*

### d. Criterio 8. Resultados:

Tal e como se indica no informe, o centro debe estudar se desexa facer os resultados públicos; no informe se recomenda que se fagan, pero en ningún caso considérase perceptivo, senón obxecto de consideración (recoméndase reflexión e valoración) . O non conforme derívase da posible disparidade de criterios de non facelos públicos?

## 2. Valoración do cumprimento:

### a. Criterio 1. Descrición do título:

*“Las buenas prácticas no pueden ser consideradas como tales”*. Estas son as boas prácticas que aparecen definidas neste apartado:

- i. Reformar a web do centro adaptándoa á liña deseñada pola UVigo
- ii. Manter activo e actualizado un espazo de coordinación que inclúe ós docentes e os estudantes na plataforma Tema
- iii. Reflexionar e realizar o esforzo de propor unha reforma da memoria vixente

Entendemos que estas tres accións deben ser consideradas boas prácticas, é dicir, accións que superan as estritamente necesarias para o mantemento do título.

b. **Criterio 3. Obxectivos e Competencias:**

No informe se especifica: *“la formulación de competencias es confusa y pueden existir confusiones entre competencias y resultados de aprendizaje”*. Se na reflexión afirmase que é misión de cada docente avaliar as competencias que se indican na guía docente, non debe interpretarse que haxa unha confusión entre competencias e coñecementos. O docente, á par dos coñecementos, no proceso de avaliación, valora, por exemplo, a competencia na expresión oral e/ou escrita; o espírito crítico...; en definitiva non só se trata de cualificar o “saber” (que tamén forma parte dun grupo de competencias que se integran no título), senón o “saber estar/ser”, e o “saber facer”. Podería figurar como recomendación os procedementos específicos de avaliación das competencias, sen a consecuencia de “non conforme” que se deriva do mesmo.

c. **Criterio 4. Acceso e Admisión:**

Na revisión do Informe de Seguimento do curso 2011/12 realizado pola ACSUG, sinalábase na Valoración do cumprimento do proxecto que *“otro aspecto CRÍTICO del título es la falta de demanda”* e nas Recomendacións de mellora, aparece no segundo lugar *“Trabajar en la captación de alumnos de nuevo ingreso”*. Tamén no Criterio 1. Descripción del título, sinalase que *“se recomienda emprender acciones encaminadas a la captación de alumnos de nuevo ingreso”*.

O presente Protocolo de Revisión Interna sinala: *“Se presenta una extensa descripción de actividades para la captación de alumnos y para mantener la presencia activa de la titulación en los diferentes ámbitos sociales. Se supone que esto se debe a la preocupación por la necesidad de aumentar en número de alumnos matriculados que justifique el mantenimiento de la titulación (p.4).*

Desexamos destacar que as accións descritas neste apartado, son resultado dunha profunda reflexión e intensa labor de planificación, e non dunha *“preocupación puntual (p. 6),* nin da *“presión” (p. 8);* respondendo directamente o cumprimento das recomendacións da ACSUG.

d. **Criterio 8. Resultados:**

De ningún apartado do documento entregado, pódese derivar que: *El título no debe resignarse a funcionar, para un grupo de alumnado, como puente hacia otra carrera a la que no pudieron acceder inicialmente.* (Criterio 8. p. 7)

Entendemos que esta valoración deriva das reflexións realizadas no autoinforme sobre a valoración da taxa de abandono, pero nin dese párrafo, nin doutro do informe, pode derivarse a idea de que este equipo presente *“resignación”* a funcionar como ponte cara outra carreira. O único que se está a plasmar é un feito real (que hai estudantes que chegan por esa razón, non sendo a titulación a súa primeira opción). En calquera caso a reflexión incluída no informe, cumpriría mellor o seu cometido de encamiñarse a aportar ideas sobre como motivar a eses estudantes para que o Grao de Xeografía e Historia se converta na opción definitiva.

**Outras consideracións**

En xeral o informe recibido resultou francamente desmoralizante para toda a comunidade do centro e especialmente para o equipo decanal. Coa excepción dunha frase aillada na páxina 2, na que se recoñece que o traballo polos responsables do título *“es muy elevado”;* o resto do informe é demoledor, non tanto polo resultado de *“Non Conforme”,* aspecto que tentamos rebater nestas

aíegacións, senón polo ton que se emprega. Sirva como exemplo a outra única frase que podería ser laudatoria, na páxina 8: *se observa que el trabajo dedicado al acceso y admisión de estudiantes ha sido modélico*, pero que perde esta consideración ao incluír a seguinte apostilla: *“probablemente debido a la presión que supone la posible desaparición del título si no hay suficientes estudiantes”*.

Non consideramos adecuado, nin veraz, que as reflexións realizadas no autoinforme se tilden de *“puramente formal o mera descripción de acciones”*. Neste centro e no autoinforme realizado existen un proceso de reflexión profundo e un continuo afán de mellora, tal e como se manifesta no proxecto conxunto de planificación das titulacións dun xeito coherente, que vai máis alá do proxecto do grao (mestrado e doutoramento). Por outra banda, este conxunto de planificación teñen como obxectivo resultados a longo prazo, polo que resulta imposible incluír *un estudio temporal que relacione el aumento de la presencia del título en la sociedad con el crecimiento de la matrícula* (p.4), no transcurso dun ano.

Resulta canto menos curioso que este informe sexa tanto a nivel particular de cada un dos ítems, como a nivel xeral, moito máis negativo que o emitido pola ACSUG o pasado curso, cando no curso descrito no autoinforme traballouse dun xeito intenso na mellora do título. Por este motivo cuestionamos a frase *el autoinforme de este año manifiesta los mismos puntos débiles* (p.9), afirmación que por outra banda resulta contraditoria cando se indica na páxina 8 do mesmo protocolo *el trabajo dedicado al acceso y admisión de estudiantes ha sido modélico*.

En definitiva, no fondo e na forma, o presente informe ten o serio risco de provocar unha considerable desmotivación e descrédito no traballo deste equipo decanal.